

DECLARACIÓNS DAS INSTALACIÓNS OU MEDIOS DO CENTRO

Don MANUEL ANGEL LEIS MIGUEZ con NIF 44816574Q en calidade de representante legal da entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** co enderezo en Rúa do Carmen, 3 CP: 15830 Negreira, provincia de A Coruña.

DECLARA:

Que posúe unhas instalacións e medios adecuados no centro de traballo, para que os alumnos da acción formativa denominada "AGAO0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEROS, JARDINES Y CENTROS DE JARDINERÍA", poidan realizar o módulo de prácticas profesionais non laborais.

Estas instalacións, cumpren a normativa relativa á prevención de riscos laboráis e para que así conste os efectos

oportunos, asino a presente declaración en:

Negreira, 20/02/2024

Por **CONCELLO DE NEGREIRA**

Asdo.: MANUEL ANGEL LEIS MIGUEZ

REUNIDOS

Dunha parte Don César Blanco Gómez, con NIF 34932309R e de outra Don MANUEL ANGEL LEIS MIGUEZ con NIF 44816574Q ambos maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Interveñen, o primeiro en nome e representación de UTE EDUCATIC GAP PUE SL / MOBA SKILL TRAINING SL, con CIF U09871096, e enderezo na rúa Zamora 108 36211 Vigo, na provincia de Pontevedra e o segundo en nome e representación da entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** con CIF P1505700C, con enderezo na Rúa do Carmen, 3 CP: 15830 Negreira, provincia de A Coruña.

E recoñecéndose mutuamente a capacidade legal necesaria para subscribir o presente convenio, como antecedente do que será obxecto do mesmo.

EXPOÑEN

- Que a empresa UTE EDUCATIC GAP PUE SL / MOBA SKILL TRAINING SL, está a desenvolver accións formativas dirixidas á obtención de certificados profesionais, ao abeiro do expediente 2023_002_SXT_FEO, da contratación dun servizo por lotes, para a impartición de accións formativas nos centros de formación profesional para o emprego dependentes da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Para outorgar un maior valor á formación impartida na formación realizada dentro da familia profesional de Agraria o presente convenio de prácticas dará lugar a que esta acción formativa conte cun período de impartición do módulo de prácticas profesionais non laborais na entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** na provincia de A Coruña.
- Que a empresa UTE EDUCATIC GAP PUE SL / MOBA SKILL TRAINING SL, comprométese á realización do módulo de prácticas non laborais do certificado de profesionalidade “AGAO0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEROS, JARDINES Y CENTROS DE JARDINERÍA” conforme ó Real Decreto que o regula, así como posteriores modificacións no seu caso.
- A entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** para a súa colaboración indica que acollerá un n.º de 4 alumnos en prácticas profesionais non laborais sen custo para a empresa.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente documento é o establecemento dun marco de colaboración entre a entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** e a empresa UTE EDUCATIC GAP PUE SL / MOBA SKILL TRAINING SL, en virtude do cal, esta promoverá á realización do módulo de prácticas non laborais nas instalacións da entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** por parte do alumnado da acción formativa “AGAO0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEROS, JARDINES Y CENTROS DE JARDINERÍA”

SEGUNDA: CONTIDO DAS PRÁCTICAS.

Este convenio recolle o interese das dúas entidades para que os alumnos da especialidade “AGAO0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEROS, JARDINES Y CENTROS DE JARDINERÍA”, impartida no UAF Negreira, realicen o módulo de prácticas profesionais non laborais.

A secuenciación dos seguintes contidos do módulo de prácticas, establecerase en función da produción e do método de traballo na empresa de acollida, adicando:

- Actividades auxl. para a produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinería (30 horas)
- Actividades auxiliares para a instalación e mantemento de xardíns, parques e zonas verdes (30 horas)
- Integración e comunicación no centro de traballo (20 horas)

TERCEIRA: LUGAR DE REALIZACIÓN DA PRÁCTICA.

O módulo de prácticas profesionais non laborais realizarase no centro de traballo, con enderezo en Rúa do Carmen, 3 CP: 15830 Negreira pertencente á entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** en A Coruña.

CUARTA: DURACIÓN DO PERÍODO DE PRÁCTICAS EN CONTEXTO DE TRABALLO.

O período en prácticas terá unha duración de 80 horas de acordo ó establecido no certificado de profesionalidade.

Antes do comezo das prácticas, poñerase en coñecemento dos representantes legais dos correspondentes traballadores da empresa por parte da mesma, e á Inspección de Traballo, indicando o lugar da súa realización, datas de comezo e remate, horario, e relación de alumnos que as realizan.

En cumprimento do establecido no Real Decreto-Lei 2/2023 do 16 de marzo a empresa UTE EDUCATIC GAP PUE SL / MOBA SKILL TRAINING SL será a responsable do cumprimento das obrigacións á Seguridade Social que regula a inclusión dos alumnos que realicen as prácticas profesionais non laborais quedando eximida a empresa **CONCELLO DE NEGREIRA** de calquera responsabilidade.

QUINTA: COMUNICACIÓN AOS REPRESENTANTES LEGAIS DOS TRABALLADORES NA EMPRESA.

A entidade en que se realicen as prácticas comunicaralle ás/aos representantes legais das persoas traballadoras na empresa unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas, as datas e o horario de realización. De non haber RLTT, a persoa representante na empresa deberá comunicar ás traballadoras e traballadores do centro que esas prácticas van ter lugar, as datas e horarios.

SEXTA: ACCIÓNS FORMATIVAS DATAS E HORARIOS.

O módulo de prácticas, tal como se recolle na planificación de módulos, será o derradeiro módulo da Acción Formativa.

A entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** acepta que os alumnos da citada acción formativa, realicen as prácticas non laborais en empresas, incluídas na acción formativa, no período comprendido entre o 03/04/24 e ó 24/04/24, ambos inclusive, na xornada laboral establecida polo centro de traballo.

Os datos detállanse no anexo adxunto a este convenio.

SÉPTIMA: COORDINACIÓN DO PERÍODO DE PRÁCTICAS.

A empresa UTE EDUCATIC GAP PUE SL / MOBA SKILL TRAINING SL, comprométese a designar, dentro do seu persoal, un titor para o seguimento da realización e avaliación das prácticas obxecto do presente convenio que terá como obxectivo apoiar tecnicamente os alumnos, controlar o nivel de asistencia e avaliar o desenvolvemento da formación concertada.

O docente/supervisor das prácticas profesionais manterá comunicación permanente tanto cos alumnos como cos responsables das empresas, vía telefónica, vía correo electrónico e mediante visitas periódicas de seguimento.

As reunións que o alumno terá cos titores, e co centro de formación realizaranse previa ao comezo das prácticas para fixar as actividades e pautas do desenrolo das mesmas. Á metade do módulo, o contido a tratar será o seguimento dos obxectivos, comprobación das tarefas levadas a cabo, dúbidas e dificultades atopadas, e á finalización do módulo para avaliación do traballo realizado.

Os criterios de avaliación que permitirán determinar a capacidade do alumno, teñen en conta os obxectivos do módulo, as capacidades e destrezas, as actitudes/aptitudes dos alumnos mostradas en no período de prácticas,

que levarán ao responsable da empresa e a docente/titora de prácticas a emitir unha cualificación consensuada. Teranse en

conta as estratexias que utiliza o alumno, a forma de organizar o traballo, e de como resolve as dificultades que se encontra. En cada visita revisaranse estes criterios.

OITAVA: DISPOSICIÓNS COMÚNS.

As prácticas dos alumnos quedarán cubertas pola póliza seguros de accidentes e responsabilidade civil contratada para a impartición da acción formativa e a realización de dito módulo, quedando así a entidade **CONCELLO DE NEGREIRA** eximida de calquera responsabilidade

NOVENA: CONDICIÓN DO CENTRO.

Os centro de traballo deberá ter licencia de apertura na actividade da que se trate e cumprir coa normativa de prevención de riscos laborais.

E para que así conste, en canto queda exposto e acordado, asinan os comparecentes por duplicado exemplar.

EDUCATIC GAP PUE SL
Coordinadora de UTE EDUCATIC GAP PUE SL /
MOBA SKILL TRAINING SL

Por **CONCELLO DE NEGREIRA**

34932309R Firmado
CESAR digitalmente
BLANCO por 34932309R
(R: CESAR BLANCO
B36897239 (R: B36897239)
Fecha:
2024.02.20
13:47:53 +01'00'
)

Don CÉSAR BLANCO GÓMEZ

Don MANUEL ANGEL LEIS MIGUEZ